



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O
DÍA VINTESEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE**

NÚM. 004/2012

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA- en réxime de acumulación</u> D^a Ana Ramos Ramos.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vinte e seis de abril de dous mil doce, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación en réxime de acumulación, D^a Ana Ramos Ramos, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 30 DE MARZO DE 2012.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2012, e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non producíndose observación algunha, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 27/03/2012 ATA O 23/04/2012.-



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 27/03/2012 ao 23/04/2012 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

3.-DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO DO ANO 2011.-

Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data 16 de abril de 2012 relativa á aprobación da Liquidación dos Orzamentos Xerais prorrogados da Corporación para o exercicio 2011, que no seu literal indica:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

En virtude das competencias que me foron atribuídas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o apartado 3 do artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que atribúe ao Alcalde a competencia para a aprobación da Liquidación do Orzamento Xeral,

CONSIDERANDO o disposto nos artigos 191 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, onde se relacionan os documentos que deben integrar a Liquidación do Orzamento e se describe o procedemento de aprobación, que se concreta nos artigos 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, que Desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

VISTO e CONSIDERANDO o informe emitido polo Interventor Municipal o día 9 de abril de 2012 e o informe de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria da mesma data.

De acordo co exposto, **RESOLVO**:

Primeiro. - Aprobar a Liquidación dos Orzamentos Xerais prorrogados da Corporación para o exercicio 2011 de acordo coa documentación contable que figura no expediente, que presenta o seguinte Resultado Orzamentario:

RESULTADO ORZAMENTARIO	IMPORTE
1. Dereitos recoñecidos netos:	7.181.219,40
2. Obrigas recoñecidas netas:	7.116.054,31
3. Resultado Orzamentario:	65.165,09
4. Desviacións positivas de financiamento (-):	-85.421,07
5. Desviacións negativas de financiamento (+):	348.403,09
6. O.R. financiadas con remanente líquido de Tesourería (+):	18.334,29
7. Resultado Orzamentario axustado:	346.481,40



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Segundo. - Como parte da Liquidación do exercicio, aprobar o Remanente de Tesourería de acordo co seguinte cálculo:

I. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2011:	
1. Dereitos liquidados no 2011 pendentes de cobramento	731.523,66
2. Dereitos liquidados correspondentes aos exercicios pechados	2.435.043,07
3. Saldo conta de debedores non orzamentarios	756,39
4. Saldo contas 554 e 558, pendentes de aplicación	3.501,47
5. Total [1 + 2 +3-4]	3.163.821,65
II. Obrigas recoñecidas pendentes de pagamento a 31-12-2011:	
1. Obrigas recoñecidas no 2011 pendentes de pagamento	1.475.065,94
2. Obrigas liquidadas correspondentes aos exercicios pechados	148.491,52
3. Saldo de contas de acredores non orzamentarios	317.268,62
4. Saldo contas 555 e 559 pendente de aplicación	1.057,66
5. Total [1 + 2 +3-4]	1.939.768,42
III. Fondos líquidos da Tesourería a 31-12-2011:	
1. Fondos líquidos	859.255,82
IV. Remanente de Tesourería:	
1. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2011	3.163.821,65
2. Obrigas pendentes de pagamento á mesma data	1.939.768,42
3. Fondos líquidos na Tesourería en fin de Exercicio	859.255,82
4. Remanente de Tesourería Total [1-2 +3]	2.083.309,05
5. Saldos pendentes de cobramento de difícil ou imposible recadación	1.967.419,78
6. Exceso de financiamento afectado	76.094,33
7. Remanente de Tesourería para gastos xerais [4-5-6]	39.794,94

As cantidades indicadas polos conceptos citados quedarán a cargo da Tesourería da Entidade.

Terceiro.- De acordo co artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, na medida en que da liquidación dos orzamentos resulta unha capacidade de financiamento de 181.451,58 euros, non será necesario a elaboración dun Plan económico-financieiro a medio prazo para a súa corrección.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Quinto.- Unha copia desta Liquidación unirase á Conta Xeral do Orzamento tal e como establece o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e tamén remitirase unha copia da mesma á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e outra ao órgano competente da Delegación de Facenda estatal tal e como prescribe o artigo 193 da Lei de Facendas Locais e o artigo 91 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Javier Jorge Castiñeira en Foz a 16 de abril de 2012 do que, como Secretaria, dou fe.

Don Javier Jorge Castiñeira ,

Dona Ana Ramos Ramos,

Alcalde-Presidente

*Secretaria
(Asina ós efectos do artigo 2 do RD
1174/1987)"*

Os membros asistentes á sesión, **dánse por enterados.**

4.- CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COMERCIO DO CONCELLO DE FOZ.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de abril de 2012, que no seu literal indica:

“Considerando o establecido na Lei 13/2010 do comercio interior de Galicia, en concreto o establecido no seu artigo 21 no que preceptúa a necesidade de que en cada Concello de Galicia exista unha Mesa Local de Comercio, co fin de dotar á entidade local de un órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a administración local e os axentes representativos do sector comercial.

Tendo en conta a pretensión desta Alcaldía presidencia de dotar permanentemente de presenza activa e participación nos asuntos de interese xeral do municipio ás asociacións constituídas no mesmo.

Tendo en conta igualmente que é un interese do grupo municipal de goberno a activación e reforzamento permanentes do comercio local.

Considerando o establecido no artigo 21 da Lei 13/2010 así como no artigo 21 e 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril

Esta Alcaldía Presidencia PROPÓN:

PRIMEIRO: Constituir a Mesa Local de Comercio do concello de Foz, que asume as competencias de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a administración local e os axentes representativos do sector comercial.

SEGUNDO: Determinar a composición da Mesa Local de Comercio, como se indica:

- *Alcalde-Presidente do concello de Foz.*
- *Concelleira de de facenda, turismo, comercio, emprego e medio ambiente.*
- *Representante da Asociación de comerciantes, industriais e autónomos "ACIA" de Foz*
- *Representante da Asociación mulleres rurais "AFAMMER DE FOZ".*
- *Representante da Asociación de Veciños e consumidores de Vilaronte-Foz*



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- *Representante da Consellería de Economía e Industria*
- *Secretario, con voz pero sen voto: A Secretaria Xeral da Corporación ou en quen se delegue.*
- *Representante da OMIC.*

TERCEIRO: Dar traslado a cada un dos entes e asociacións representadas ós efectos oportunos.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (3, PP; 2, UNIFOZ; 1, BNG)

Abstencións: 1 (PSdeG-PSOE)

PRIMEIRO: Constituir a Mesa Local de Comercio do concello de Foz, que asume as competencias de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a administración local e os axentes representativos do sector comercial.

SEGUNDO: Determinar a composición da Mesa Local de Comercio, como se indica:

- *Alcalde-Presidente do concello de Foz.*
- *Concelleira de de facenda, turismo, comercio, emprego e medio ambiente.*
- *Representante da Asociación de comerciantes, industriais e autónomos "ACIA" de Foz.*
- *Representante da Asociación mulleres rurais "AFAMMER DE FOZ".*
- *Representante da Asociación de Veciños e consumidores de Vilaronte-Foz.*
- *Representante da Consellería de Economía e Industria.*
- *Secretario, con voz pero sen voto: A Secretaria Xeral da Corporación ou en quen se delegue.*
- *Representante da OMIC.*

TERCEIRO: Dar traslado a cada un dos entes e asociacións representadas ós efectos oportunos".

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións.

O Sr. Alcalde defende o fondo da moción.

Toma a palabra o voceiro do PSOE para indicar que está de acordo coa Mesa pero pídelle ao Alcalde sensatez e que non falte á verdade, xa que consultou con varios comerciantes para desmentir o que dixo o Alcalde. Igualmente afirma que en reunión en Santiago se votou a culpa á oposición de que se deixara pendiente este asunto, cando o que se pedía era que se consultara se faltaba algunha asociación con competencia en materia de consumidores e non se oficializou esta consulta. Afirmo que non ve problema en apoiar esta Mesa pero pide que non se vote a culpa á oposición porque o único que se pretende é facer as cousas ben.

O voceiro de UNIFOZ indica que está a favor pero quere que se cree un foro de discusión, de impulso e de debate das cuestións relacionadas co comercio.

O voceiro do BNG afirma que resoltas as dúbidas tamén votárase a favor.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Alcalde cerra as intervencións afirmando que o expediente da Mesa Local de Comercio estaba tramitado coa anterior corporación e esta Alcaldía confiou en que o expediente estaba ben tramitado, xa no pleno anterior, así se dixo.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procedese á votación do asunto, **acordando aprobar por unanimidade** o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Constituir a Mesa Local de Comercio do concello de Foz, que asume as competencias de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a administración local e os axentes representativos do sector comercial.

SEGUNDO: Determinar a composición da Mesa Local de Comercio, como se indica:

- **Alcalde-Presidente do concello de Foz.**
- **Concelleira de de facenda, turismo, comercio, emprego e medio ambiente.**
- **Representante da Asociación de comerciantes, industriais e autónomos "ACIA" de Foz.**
- **Representante da Asociación mulleres rurais "AFAMMER DE FOZ".**
- **Representante da Asociación de Veciños e consumidores de Vilaronte-Foz.**
- **Representante da Consellería de Economía e Industria.**
- **Secretario, con voz pero sen voto: A Secretaria Xeral da Corporación ou en quen se delegue.**
- **Representante da OMIC.**

TERCEIRO: Dar traslado a cada un dos entes e asociacións representadas ós efectos oportunos.

5.-MOCIÓN BNG PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de abril de 2012, que no seu literal indica:

"O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo estabelécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar, O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica do pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concurrencia é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida as prestacións están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Instar á Xunta de Galiza a:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuir economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

O Sr. Alcalde di que cómpre instar á Deputación Provincial de Lugo para colaborar neste sentido.

O Sr. José Ramón Val Alonso do PSOE indica que xa se ven facendo por parte da Deputación.

Unha vez rematado o turno de debate, o Presidente desta Comisión Informativa somete a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 (1, PSOE; 2, UNIFOZ; 1, BNG)

Abstencións: 3 (PP)

Instar á Xunta de Galiza a:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuir economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións.

O voceiro do BNG defende o fondo da moción.

Toma a palabra o voceiro do PSOE para indicar que estánse a vivir situacións tremendas; hai que abandonar o déficit e ter crecemento e consumo. Esta situación vese en sanidade, educación, servizos sociais. Por isto apoiará esta moción

O voceiro de UNIFOZ afirma que vai a votar a favor porque o discurso do PP é sempre que a culpa é de quen deixou así o país, pero agora o déficit vaise a corrixir polas persoas máis débiles. UNIFOZ sempre traballou para que se mellorara o servizo de axuda no fogar que agora recibe un achazo completo. A moción, afirma, é testimonial xa que o rumbo está marcado nos recortes.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Alcalde toma a palabra para dar lectura ao artigo 31 da Lei de servizos sociais de Galicia, indicando que as Deputacións Provinciais teñen competencias para apoiar prioritariamente o SAF básico e a contratación de persoal aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Indica as inversións da Xunta de Galicia en axuda a domicilio de dependencia e de libre concurrencia que deberanse de seguir facendo, pero entende que as Deputacións teñen que exercer as súas competencias establecidas por Lei. Agora hai tres persoas prestando servizo en axuda no fogar. O PP absterase xa que os concellos de menos de 20.000 habitantes non teñen que asumilo pero as Deputacións teñen que cofinanciar este servizo cumprindo co establecido na Lei. Afirma que se na moción engádese "instar tamén á Deputación Provincial" o PP votará a favor, senón se absterá.

Nun segundo turno de intervencións o voceiro do BNG indica que o PP da a versión oficial, pero indica que a Xunta de Galicia é a única que xa dixo que non vai a financiar este servizo que a Deputación aínda non dixo nada. A Xunta vese claramente que se quere desfacer deste servizo, afirma e indica as cifras da redución na financiación deste servizo, o que leva ao voceiro a concluir que o PP fixo as cousas mal porque no Decreto de servizos sociais non se tivo en conta o Pacto Local, e sobre é tampouco hai informes xurídicos, polo que este decreto será recurrido por inconstitucionalidade por invasión de competencias.

O voceiro do PSOE indica que o PP está desmantelando todo, salvo a sanidade privada e os chiringuitos e manterá o gasto de publicidade nos periódicos para que falen ben do PP. As Deputacións teñen competencias en materia de colaboración e a Deputación de Lugo ben colaborando, o que se pide dende este organismo, afirma, é que se se da unha competencia se dé financiación.

O voceiro de UNIFOZ indica que anque se queira xustificar polo PP este recorte e hai que instar á Xunta de Galicia que é quen quitou a financiación. Independentemente, conclúe da igual quen financie este servizo, o importante é que se manteña.

O Sr. Alcalde indica que a lei agora dí que a competencia é da Deputación, e afirma que fala o Sr. Rivera de chiringuitos cando a Deputación de Lugo publicou a relación de subvencións nominativas e xa se ve o que financia, e conclúe decindo que o único que foi a Arxentina destes membros do Pleno foi o Sr. Rivera.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8: 4 (PSOE); 3 (UNIFOZ); 1 (BNG)
- Abstencións: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuir economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

6.-MOCIÓN BNG PARA REXEITAR AS FUMIGACIÓNS DE PLANTACIÓNS DE EUCALIPTO CON FLUFEXONURON.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de abril de 2012, que no seu literal indica:

“Recentemente a Xunta de Galiza e a industria papeleira puxéronse de acordo en fumigar as plantacións de eucalipto galegas cun pesticida químico (flufexonuron) para combater a praga do gorgullo. En Foz parece que ditas fumigacións faranse no mes de maio.

*A Xunta está a promover este tipo de fumigacións cando o flufexonuron é un produto que lle queda pouco para seguir no mercado, porque segundo a Unión Europea ten efectos nocivos sobre a saúde e sobre o medio ambiente. A propia Unión Europea ordena que os produtos con ese compeñente deixe de comercializarse a partir do 1 de agosto de 2012. Na decisión da Comisión Europea sobre o flufenoxuron di claramente que **“as características do flufexonuron fan moi persistente e moi bioacumulable e tóxico”** e **“demostrou efectos inadmisibles para o compartimento acuático”**. O propio prospecto do produto deixa claro que é **“moi tóxico para os organismos acuáticos e pode provocar a longo prazo efectos negativos no medio ambiente acuático”**.*

Segundo o BNG, outro dos graves problemas é que a fumigación do insecticida fariase en grandes cantidades –para ser efectiva- e con toda seguridade por métodos aéreos cando existen estudos especializados que afirman que ata o 60% dos agrotóxicos dispersados por medios aéreos (avioneta ou helicóptero) adoitan caer e a expandirse varios quilómetros de distancia fóra do seu obxectivo. Nunha zona con moitos cursos de auga –ríos, fontes, regatos pequenos- e con gran variedade de especies isto suporía un grave atentado ecolóxico. A maiores non existen insecticidas específicos para combater o gorgullo do eucalipto polo que empregando un xenérico como o flufexonuron afectaríalle a práctica totalidade de insectos e sobre todo ás abellas.

Diferentes organizacións e asociacións medioambientais –ADEGA, SLG, SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL...-se opoñen á utilización deste produto por ser unha sustancia non empregada masivamente con anterioridade, comparativamente cara e, sobre todo, polos efectos nocivos contra as persoas e o medio ambiente.

Polo tanto, non existen motivos nin económicos nin medioambientais para realizar esta campaña de fumigación cunha sustancia química prohibida en Europa e que ademais contraponse de cheo coa loita con métodos biolóxicos pola que se estaba a apostar. Esta decisión ten toda a pinta de esconder intereses moi concretos da industria química e das celulosas porque se non, non se entende.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte A C O R D O:

Instar á Xunta de Galiza a:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

a) Paralizar a campaña das fumigacións indiscriminadas co produto químico flufexonuron, prohibido pola UE.

b) Apostar firmemente por métodos biolóxicos na loita contra as pragas nas plantacións do noso país.

Por unanimidade dos membros presentes acordase ratificar a urxencia da moción e entrar no fondo da mesma, logo de que o Sr. Basanta xustifique a mesma.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 (1, BNG; 1, PSOE; 2, UNIFOZ)

Abstencións: 3 (PP)

Instar á Xunta de Galiza a:

a) Paralizar a campaña das fumigacións indiscriminadas co produto químico flufexonuron, prohibido pola UE.

b) Apostar firmemente por métodos biolóxicos na loita contra as pragas nas plantacións do noso país”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións.

O voceiro do BNG defende o fondo da moción.

Toma a palabra o voceiro do PSOE para indicar que houbo declaración de asociacións ecolóxicas que din que é nefasto fumigar con este produto, que está prohibido pero como existe un remanente por eso se sigue votando. E indica que se apoiará a moción por sentido común.

O voceiro de UNIFOZ pide que o goberno de Foz teña unha posición firme con este tema porque hai unha sociedade privada que fomenta esta fumigación. Indica que non está garantizado o nocivo que pode ser este produto para as nosas fontes, ríos... esta é unha acción que vai facer a organización de papeleiras que seguramente sí que están máis interesadas.

O Alcalde indica que a industria forestal de Foz é unha industria importante que move ao redor de dez mil millóns de pesetas. Hai unha plaga actual que ataca ao eucalipto que está provocando un 20% de perdas na produción. Indica que este produto é inocuo para as persoas e a única vía de contaminación é en ríos e auga en xeral pero a forma de fumigación terá esto en conta e só se fumigará en zoas onde non hai afectación de auga e ríos. O produto, afirma está no mercado e polo tanto non está prohibido. Existe unha moratoria para o seu uso ata finais de ano, e mentras non se pode danar unha industria tan importante para Foz, de ahí que o PP votará en contra. Conclúe que esto se trata dunha campaña máis do BNG contra todo o que fai a Xunta de Galicia.

O voceiro do BNG toma a palabra para indicar que non hai ningún tipo de campaña, e indica que neste tema hai outras asociacións que tamen están tomando partido neste tema. O BNG afirma está en contra do monocultivo e unha actividade económica pode dar beneficios pero pode dar perdas para outros ámbitos. A fumigación aérea está demostrado que se dispersa e non chega ao seu obxectivo e pode extenderse a varios kilómetros e nesta zoa en concreto estamos rodeados de auga. Cando se trata como aquí dun produto que se vai retirar do mercado é facil sospeitar que se trata a moratoria para favorecer intereses comerciais.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O voceiro do PSOE indica que cando un produto se vai retirar por algo será. Indica que os intereses económicos sí que mandan e Foz está rodeada de ríos que abastecen de auga aos fogares e nos debemos de defender aos cidadáns e non ao Sr. Feijoo e ao Sr. Rueda.

O voceiro de UNIFOZ indica que defenderá sempre a riqueza forestal do municipio pero preocupándose da saúde das persoas e do medio ambiente.

O Alcalde afirma que o alarmismo que se utiliza neste pleno é tremendo, e insiste en que é totalmente inocuo para as persoas e os mamíferos e os técnicos de medio ambiente autorizan o produto ata finais de ano e eso é o que hai que considerar e igualmente as empresas certificadoras de madeira de eucalipto non poñen obxección nesta fumigación.

O Sr. Rivera por alusións indica que non está en contra da produción de eucaliptos.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8: 4 (PSOE); 3 (UNIFOZ); 1 (BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

a)Paralizar a campaña das fumigacións indiscriminadas co produto químico flufexonuron, prohibido pola UE.

b)Apostar firmemente por métodos biolóxicos na loita contra as pragas nas plantacións do noso país.

7.-MOCIÓN UNIFOZ SOLICITANDO INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A SINATURA DE ACORDOS CO NOSO CONCELLO E CONCELLOS LIMITROFES PARA A DOTACIÓN DUNHA MÁQUINA LIMPA-PRAIAS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de abril de 2012, que no seu literal indica:

“O noso pobo ten un dos potenciais turísticos nas nosas praias, sendo un dos reclamos turísticos máis importante.

E pois necesario replantear o servizo de calidade que ofrecemos nos areais, dadas as circunstancias económicas e os recortes que se están a facer dende a Xunta de Galicia.

A limpeza, accesibilidade, mantemento, socorrismo, son elementos que non podemos descuidar, a pesar da situación económica, pois pode ser éste un factor que nos permita crecer turisticamente ou todo o contrario.

A limpeza dos areais de forma mecanizada, é coñecida e empregada por moitos concellos da primeira liña turística que defenden a calidade na limpeza, polo que consideramos que é o momento de que Foz poda dispor de unha Máquina limpa-praias, si ben esta dotación para solo o noso concello, podía considerarse como



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

infrautilizada, polo que é necesario buscar fórmulas mancomunadas con Concellos limítrofes para unha correcta utilidade. Por todo isto UNIFOZ, PRESENTA ESTA MOCIÓN, SOLICITANDO ACORDO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A SINATURA DE ACORDOS CO NOSO CONCELLO E CONCELLOS LIMITROFES PARA A DOTACION DE UNHA MÁQUINA LIMPA-PRAIAS PARA SER EMPREGADA POLOS MESMOS.

Por unanimidade dos membros presentes acordase ratificar a urxencia da moción e entrar no fondo da mesma, logo de que o Sr. Cancio Rodríguez xustifique a mesma.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

*Votos a favor: 3 (2, UNIFOZ; 1, BNG)
Abstencións: 4 (3, PP; 1, PSOE)*

SOLICITAR ACORDO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A SINATURA DE ACORDOS CO NOSO CONCELLO E CONCELLOS LIMITROFES PARA A DOTACION DE UNHA MÁQUINA LIMPA-PRAIAS PARA SER EMPREGADA POLOS MESMOS”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións.

O voceiro de UNIFOZ defende o fondo da moción.

Toma a palabra o voceiro do BNG para indicar que está a favor tendo coidado co uso destas maquinas na praia da Rapadoira.

O Alcalde indica que todo o que sexa favorecer as praias vaise votar a favor, e indica que o máis importante para o mantemento das prais son os recursos humanos e o ano pasado houbo a axuda do concello de Xove que cedeu unha máquina para limpar as praias o cal agradece e non se trata de pedir por pedir e a Deputación debería de colaborar no mantemento das praias.

O voceiro de UNIFOZ indica que non criticou que se mercara unha máquina.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, **acordando aprobar por unanimidade** o seguinte acordo:

Solicitar Acordo da Corporación Municipal para instar á Deputación Provincial a sinatura de acordos co noso Concello e Concellos limítrofes para a dotación de unha máquina limpa-praias para ser empregadas polos mesmos.

O Sr. Rivera pide explicación de voto ao non solicitar intervención e dí que votou a favor pero afirma que as máquinas que hai na provincia que se coordinen para distribuilas.

O Alcalde pregunta se algún grupo quere presentar algúnha moción de urxencia.

-PSdeG-PSOE PRESENTA UNHA MOCIÓN DE URXENCIA DO SEGUINTE TEOR LITERAL:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

“A Xunta de Galicia acaba de presentar aos Sindicatos reducións nos Xulgados de Paz de Galicia, entre eles o de Foz, entendemos que a merma que vai a sufrir o noso Xulgado non é de recibo. Neste momento hai 3 persoas traballando e son necesarias para o desenrolo diario da actividade do Xulgado de Paz. De consumarse os planes da Xunta, consistentes en amortizar unha praza no caso que haxa un traslado, xubilación ou outra causa, o Xulgado quedaría para o futuro solo con 2 traballadores para tal fin.

O noso Concello está chamado a seguir crescendo en poboación, polo que a proposta da Xunta choca precisamente por reducir servizos onde máis se necesitan.

Por todo o exposto pedimos o apoio plenario a esta moción para solicitar á Xunta de Galicia o seguinte:

Que non se leve a cabo no Xulgado de Paz de Foz ningunha modificación que puidera afectar á plantilla de persoal, entendendo que o existente é necesario para o funcionamento adecuado de dito servizo público”.

A continuación procédese á votación da urxencia da moción, logo de que o Sr. García Rivera xustifique a mesma, obténdose o seguinte resultado:

-Votos a favor: 8: 4 (PSOE); 3 (UNIFOZ); 1 (BNG)

-Votos en contra: 5 (PP)

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións.

O voceiro do PSOE defende o fondo da moción.

Toma a palabra o Alcalde para indicar que na plantilla do concello hai prazas para amortizar e dende o PSOE pídesse que se amorticen.

O Sr. Rivera dí que a RPT está aprobada e hai que cumplila.

O Alcalde reafirma que o Sr. Rivera está de acordo en amortizar prazas do concello que constan como a amortizar.

O Sr. Rivera por alusións afirma que todos os partidos votaron a favor a RPT.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, **acordando aprobar por unanimidade** o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta de Galicia que non se leve a cabo no Xulgado de Paz de Foz ningunha modificación que puidera afectar á plantilla de persoal, entendendo que o existente é necesario para o funcionamento adecuado de dito servizo público.

-BNG PRESENTA UNHA MOCIÓN DE URXENCIA DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

“O pasado día 20 deste mes aprobouse en Consello de Ministros unha medida polo que os pensionistas, que actualmente non pagan nada polos medicamentos, deberán abonar un 10% do seu valor, cun límite de entre 8 e 18 euros ao mes, mentres que os traballadores activos, que xa abonan o 40% das receitas, verán elevadas a súa achega até o 50% ou o 60%, en función da renda.

A todas vistas para o BNG esta nova medida no sistema sanitario público por parte do Goberno do PP, que supón o repago ou copago farmacéutico, é unha



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

decisión inxusta e anti-social, afecta en maior medida aos galegos e galegas por ter das pensións máis baixas do Estado e por ter os salarios tamén máis baixos.

Hai que ter en conta que máis do 80% dos medicamentos son consumidos por persoas que son pensionistas, polo que facerlles pagar o 10% significa trasladarlles ás persoas máis vulnerábeis do sistema uns custes que merman de maneira significativa o seu poder adquisitivo.

Ademáis recordar que o PP e o seu portavoz, o Sr. Rajoy, cansouse repetir até a saciedade, que non ía conxelar nin reducir as pensións, pero na práctica é o que están a facer, primeiro coas subas no IRPF e agora facéndolles pagar o 10% dos fármacos. Agora queda patente “que o PP enganou completamente á cidadanía durante a campaña electoral na que dixo que nunca tocaría a sanidade, nin a educación, nin os servizos sociais e agora está a facer o contrario do que prometeu”, declarou Basanta, o portavoz municipal do BNG.

Para o BNG antes de facer recortes nos sistema público de sanidade e no educativo tería que realizarse unha reforma fiscal en serio que grave máis aos que máis teñen, así como outros recortes en gastos militares, gastos de protocolo, aportacións á Igrexa ou na eliminación de institucións obsoletas como algún ministerio ou as deputacións.

Con estas medidas contra o sistema sanitario e educativo está claro que o obxectivo final do PP é o de rematar cos piores do Estado de Benestar como son a sanidade e a educación públicas cara a un modelo dual, cun de beneficencia para a maioría e outro para quen o pode pagar.

Ademáis entendemos que esta medida invade claramente as competencias en materia de sanidade das comunidades autónomas.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a:

a)Rexeitar as medidas en materia sanitaria do Goberno do Estado aprobadas no último Consello de Ministros que supoñen engadirlle un custe adicional aos medicamentos e recorrelas por invasión de competencias.

b)Dar conta e enviar esta decisión á Xunta, ao Parlamento Galego e a todos os seus grupos, así como ao Goberno do Estado”.

A continuación procédese á votación da urxencia da moción, logo de que o Sr. González Basanta xustifique a mesma, obténdose o seguinte resultado:

-Votos a favor: 8: 4 (PSOE); 3 (UNIFOZ); 1 (BNG)

-Abstencións: 5 (PP)

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións.

O voceiro do BNG defende o fondo da moción.

Toma a palabra o voceiro do PSOE para indicar que agora vai haber que pagar unha ambulancia para dar tratamentos e haberá unha amnistía fiscal e Conde Roa ten que dimitir por non pagar impostos e os máis débiles son os máis perxicados que son as familias que pagarán estas medidas.

O voceiro de UNIFOZ indica que se dixo que non se ía a tocar a sanidade e a educación e agora se van a pagar ás persoas máis desfavorecidas.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Alcalde indica que as medidas duras a nadie lle gusta tomalas pero as previsións non eran datos reais e agora se ve. Nos medicamentos houbo sempre copago e agora se aumenta a porcentaxe sobre todo como unha medida disuasoria. os pensionistas pagarán o 10% dos medicamentos e nunca máis de 8 euros ao mes e estas medidas se toman por deixar o país como o deixou o PSOE.

O voceiro do BNG indica que deberían ser consecuentes e afirma que o déficit é sobre todo da banca e das familias, non das administracións. O alarmismo produceo o PP coas medidas que estan tomando.

O voceiro do PSOE indica que en catro meses perderon catro puntos porque en todo canto dixeron mentiron e por eso quedaron sós votando os orzamentos xerais do Estado. O que pretende é defender ás clases máis débiles apoiando esta moción.

O voceiro de UNIFOZ indica que se está xeneralizando que a xente acumula medicamentos e non é así.

O Alcalde indica que quen trouxo a esta debacle foi o PSOE por non tomar decisións e agora aos que as teñen que tomar non lles resulta plato de bo gusto, e hai que valorar os medicamentos e o que costan.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4, PSOE; 3, UNIFOZ; 1, BNG)
- Abstencións: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

a)Rexeitar as medidas en materia sanitaria do Goberno do Estado aprobadas no último Consello de Ministros que supoñen engadirille un custe adicional aos medicamentos e recorrelas por invasión de competencias.

b)Dar conta e enviar esta decisión á Xunta, ao Parlamento Galego e a todos os seus grupos, así como ao Goberno do Estado.

-BNG PRESENTA UNHA MOCIÓN DE URXENCIA DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

“O sábado 21 de abril o goberno central publicou no BOE o Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Este decreto, entre as medidas que contén, permite as Administracións educativas ampliar ata un 20% o número máximo de alumnos establecido no artigo 157.1.a) da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, para a educación primaria e secundaria obligatoria, así como para os restantes niveis educativos. Para o BNG esta medida é un auténtico retroceso e supón un ataque frontal á calidade do ensino, pois estamos falando de 30 alumnos/as en Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato, agravado porque non se computan para as ratios o alumnado repetidor. É materialmente imposible dar unha calidade educativa básica nunha aula na que se poderán superar os 36 alumnos/as con distintas motivacións e diferentes ritmos de aprendizaxe, aulas con nenos e nenas sen unha atención personalizada ao provir do estranxeiro, por ter necesidades educativas específicas, etc.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Outra das medidas contempladas no Real Decreto é a modificación da xornada lectiva do profesorado, pasando a 25 horas en educación infantil e primaria e 20 horas nos restantes encinos. As medidas contidas nos ditos artigos 2 e 3 redundarán na redución de profesorado, despedimento de profesorado interino e substituto, máis tamén provocará a mobilidade do profesorado con destino definitivo e vulnerará o dereito á educación do alumnado, ao non recibir aulas da súa especialidade mentres non se incorpore o profesorado substituto. Por esta vía, incrementarase a impartición de afíns e as itinerancias.

Outra grave medida é a que no artigo 4 di que “nos centros docentes públicos, o nomeamento de funcionarios interinos pos substitución transitoria dos profesores titulares producirase unicamente cando transcurran dez días lectivos desde a situación que dá orixe a devandito nomeamento. O período de dez días lectivos previo ao nomeamento do funcionario interino deberá ser atendido cos recursos do propio centro docente”. Con esta medida estase a vulnerar o dereito á educación, poque durante os dez primeiros días de calquera baixa-independientemente da súa duración-o alumnado estará atendido pero non recibirá aulas da súa materia cun profesor/a especialista. Ademais, suporá o despedimento de numeroso profesorado substituto e terá graves consecuencias nos propios centros, que verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa.

No Decreto tamén se apraza a implantación dos novos ciclos ata o curso 2014-15. Unha medida como esta pon en evidencia a falta de preocupación pola calidade do ensino no partido que hoxe nos goberna e que até agora alardeou da importancia que se lle debía conceder á formación profesional. Pois ben, nun momento de crise económica, en que un dos factores fundamentais para remontala é unha formación axeitada aos novos retos profesionais, o goberno opta por non implantar as novas titulacións impedindo a actualización e a mellor formación das e dos futuros profesionais.

O Goberno elimina a través deste decreto o requisito polo que os centros de educación secundaria nos que se imparta o bacharelato ofrecerán, polo menos, dúas das modalidades das previstas no artigo 34.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A eliminación deste requisito vai ter importantes consecuencias na formación do alumnado que deberá desprazarse cando non conte coa modalidade de bacharelato que quere realizar na súa localidade, ou cursar a única que se lle oferta se non ten recursos para desprazarse. Esta medida é contraria á calidade do ensino, máis sobre todo ao dereito de igualdade de oportunidades, revelando unha concepción elitista do ensino, reforzada polo incremento das taxas universitarias. Medidas como estas pretenden expulsar da formación superior ás clases populares, reducindo o dereito a unha formación de calidade a quen poida pagala. Como outras medidas anteriores, tamén está pensada para reducir profesorado nos centros, incrementando mobilidade, itinerancias, afíns...

Por outro lado, este Decreto-Lei invade competencias da Xunta de Galiza, nomeadamente no que ten que ver co horario do profesorado e a cobertura de baixas, asuntos nos que a Consellería de Educación ten competencias exclusivas. Aínda así a Consellería de Educación ten a última palabra na aplicación destas medidas.

Segundo o BNG, os recortes van dirixidos a obstaculizar a escolarización e responden a unha concepción elitista e clasista do ensino. O Real Decreto liquida a igualdade de oportunidades ao incrementar dunha maneira desorbitada as taxas académicas, o que supón expulsar da Universidade aos fillos e fillas das clases populares, e ao limitar, a unha única modalidade, a oferta de Bacharelato que teñen que impartir os centros.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

1.-Instar á Xunta de Galiza e á Consellería de Educación que non aplique ningunha das medidas contempladas no Real Decreto 14/2012, por ir contra da calidade do ensino e invadir as competencias propias da Xunta de Galiza.

2.-Apoiar todas aquelas mobilizacións que se realicen contra este decreto e contra os recortes que vaian en detrimento da calidade da nosa educación e contra a igualdade de oportunidades á hora de acceder aos estudos.

3.-Enviar acordo por escrito ao Ministerio de Educación, á Consellería de Educación da Xunta de Galiza e aos grupos políticos do Parlamento de Galiza”.

A continuación procédese á votación da urxencia da moción, logo de que o Sr. González Basanta xustifique a mesma, obténdose o seguinte resultado:

-Votos a favor: 8: 4 (PSOE); 3 (UNIFOZ); 1 (BNG)

-Votos en contra: 5 (PP). Indica que estas mocións puideronse presentar antes para que todos os grupos as poidan preparar.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións.

O voceiro do BNG defende o fondo da moción.

Toma a palabra o voceiro do PSOE para indicar que sobran argumentos e non parecen que as medidas que se están a tomar vaian a funcionar. Hai millóns de euros en fraude fiscal e non se persigue, e a Igrexa ten que ser solidaria con esta situación reducíndolles as súas aportacións para ser adicadas a educación e sanidade.

O voceiro de UNIFOZ indica que este é un atentado máis contra a escola pública

O Alcalde indica que Galicia ten un goberno que leva catro anos traballando na austeridade e fixo os deberes.

O voceiro do BNG indica que as medidas se tomen tamén con clubs de fútbol.

O voceiro do PSOE solicita un turno por alusións para indicar que se trata dun problema europeo e afirma que o PP aproveitase dos pobres para favorecer aos ricos.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4, PSOE; 3, UNIFOZ; 1, BNG)
- Votos en contra: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1.-Instar á Xunta de Galiza e á Consellería de Educación que non aplique ningunha das medidas contempladas no Real Decreto 14/2012, por ir contra da calidade do ensino e invadir as competencias propias da Xunta de Galiza.

2.-Apoiar todas aquelas mobilizacións que se realicen contra este decreto e contra os recortes que vaian en detrimento da calidade da nosa educación e contra a igualdade de oportunidades á hora de acceder aos estudos.

3.-Enviar acordo por escrito ao Ministerio de Educación, á Consellería de Educación da Xunta de Galiza e aos grupos políticos do Parlamento de Galiza.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS PSOE

1. Aínda hoxe non funciona o contenedor soterrado na zona da Basílica por falta dun hidráulico.
2. Reparar a zona do Caritel na que hai báculos tirados e está sen luz, que se se tiraron cun accidente que o seguro os pague.
3. Que os contenedores se suxeten porque caen co aire.

ROGOS UNIFOZ

1. A modificación da ordenanza de axuda de emerxencia social
2. A aprobación do regulamento orgánico municipal
3. Vixianza nas obras que se fan nas rúas porque non hai control de tráfico.

ROGOS BNG

1. Cuidar a invasión de maleza e terra nas beirarrúas da zoa de Salvador de Madariaga entre outros.
2. Vixianza e sinalización na rúa do cemiterio.
3. Que a organización do baile do Bahía se faga con normalidade no funcionamento.

PREGUNTAS DO PSOE

1. ¿Segouse un xardín privado sen solicitar a cesión dos terreos aos propietarios?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que se vai a pedir a cesión

2. ¿Vaise segar a zoa da Fonte do Souto por estar en malas condicións?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que sí

3. ¿Porque non se pagan os 30.000 euros anuais que se deben e se pagaron no 2009 ao asilo e non se pagaron dende que esta Alcaldía goberna?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que non se cumpliu porque quen se comprometeu foi o Alcalde anterior nesa cantidade anualmente e so se cumpliu o primeiro ano, pero contesta que isto é unha polémica que se levantou cando o asilo está funcionando perfectamente.

PREGUNTAS DE UNIFOZ



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

1. Na contabilización dos gastos das festas de San Lorenzo hai 47 anunciantes que non pagaron?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que xa se concretará a resposta pero que sí houbo anunciantes que non pagaron porque fixeron doazóns privadas.

2. Por qué non se trouxo a Pleno o regulamento da comisión de suxerencias e reclamacións?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que non se trouxo porque era unha proposta de Alcaldía e UNIFOZ non estaba de acordo coa proposta

3. Hai un plan de limpeza de fontes públicas no municipio?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que se o había na súa época, e indica que se arranxarán as fontes.

PREGUNTAS DO BNG

1. Ten o Alcalde informe sobre o asilo en canto á perda de calidade dos usuarios?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que hai dificultades xa que o padroado é unha organización benéfica (ONG). Xa se falou coa Consellería ao respecto. A Deputación puxo medios o ano pasado e se pode seguir colaborando benvido sexa mentres non haxa outro recurso privado.

2. Están as motobombas averiadas?

O Sr. Alcalde contesta en síntese que hai unha soa pero require un arranxo de 18.000 euros debido a que ten 25 anos.

3. Pregunta sobre o PXOM.

O Sr. Alcalde contesta en síntese que o equipo redactor entregou un orzamento para adaptación do PXOM á nova normativa, xa que a metade do traballo feito non vale para nada e estanse tentando recuperar as subvencións que se perderon.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e dez minutos do día vinteseis de abril de 2012, do que como Secretaria dou fe e certifico.-

Vº e Pr.

O Alcalde-Presidente,



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Asdo.-Javier Jorge Castiñeira.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00